

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MÚSICA OPERÍSTICA EN 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ten previsto formalizar coa **Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura **ata o 30 de decembro de 2023**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o financiamento pola Agadic de actividades de difusión e promoción da música operística promovidas pola Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña, que trae a Galicia a ópera *Aínda*, de Verdi, que se representará os días 14 e 16 de setembro no Palacio da Ópera da Coruña, con José Miguel Pérez-Sierra como director musical e interpretada pola soprano Marigona Qerkezi e por Nino Surguladze, Jorge Puerta, Carlos Almaguer, Simón Orfila, Jacopo Prestia, Francisco Pardo e Lucía Iglesias. E como actividade complementaria impartirase o curso de interpretación vocal para xoves cantantes a cargo da mestra Mariella Devia ao longo do mes de outubro.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña foi a organizadora, durante máis de sesenta anos, das sucesivas edicións do Festival da Ópera da Coruña, consolidado como un sólido programa especializado deste xénero artístico que o converteu no decano dos festivais de ópera en España e nun dos referentes musicais galegos por excelencia, unha actividade considerada única na nosa comunidade e unha das marcas culturais galegas máis consolidadas. E como fiel herdeiro das bases dese festival, a Asociación Amigos de la Ópera segue traballando coa intención de afianzar na nosa comunidade unha programación operística de carácter estable e do máximo nivel que traia a Galicia os títulos máis representativos deste xénero artístico.

Galicia conta cun tecido cultural vigoroso, que leva dando mostras dunha extraordinaria calidade, moi particularmente no ámbito musical, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer, especialmente despois dos momentos de crise vividos nestes últimos anos.

A Agadic considera esencial a participación no desenvolvemento deste proxecto, contribuíndo a preservar e difundir a cultura galega, e en especial o xénero lírico, a través da organización destas actividades, intentando acadar, deste xeito, unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo, o de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes



sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, e que enriquece, sen dúbida, o noso patrimonio operístico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

